

Cal é o prazo para solicitala?

Desde a súa publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG) ata o mes de maio de 2018.

Como solicito a bolsa?

Debe presentarse unha solicitude de xeito electrónico acompañada da documentación pertinente dirixida á Secretaría Xeral da Emigración.

Como solicito a admisión nun mestrado nunha universidade galega?

Os solicitantes deben realizar o proceso de solicitude de admisión nun ou en varios mestrados nas universidades galegas que prefiran coa antelación necesaria para poder presentar o xustificante de estar matriculado. Cada universidade establece o seu propio prazo de admisión e deben estar en contacto directo con elas para informarse dos programas de mestrado da súa área de interese, así como dos requisitos e da documentación que deben aportar.



BEME
Bolsas Excelencia
Mocidade Exterior
MESTRADO

+ información:

<http://emigracion.xunta.gal>
oficina.emigracion@xunta.gal

+34 981 957 162
+34 981 547 271
+34 981 547 268



galicia



A Secretaría Xeral da Emigración convocará **100 bolsas** co fin de que a mocidade galega do exterior poida cursar estudos de mestrado que se inicien no ano 2018 nunha universidade galega.

Quen pode solicitalas?

Cidadáns galegos residentes no exterior cunha titulación universitaria de grao, arquitectos/as, enxeñeiros/as, licenciados/as, arquitectos/as técnicos/as, diplomados/as ou enxeñeiros/as técnicos/as.

Que requisitos debo cumprir para poder solicitar a bolsa?

- 1) Ser menor de 40 anos.
- 2) Residir no estranxeiro.
- 3) Estar en posesión da nacionalidade española.
- 4) Ser emigrante nacido en Galicia ou que residira en Galicia de forma continuada durante 10 anos con nacionalidade española antes de emigrar. Ou ser descendente por consanguinidade dunha destas persoas e ter nacido no estranxeiro.
- 5) No caso das persoas nadas no estranxeiro, estar vinculado a un concello galego.
- 6) Acreditar un mínimo de dous anos de residencia no exterior inmediatamente anteriores á data da presentación da solicitude.
- 7) Estar en posesión dalgún título universitario de grao, arquitecto/a, enxeñeiro/a, licenciado/a, arquitecto/a técnico, diplomado/a, enxeñeiro/a técnico ou outro expresamente declarado equivalente.



Que requisito debo cumprir para ser adxudicatario da bolsa?

Para poder ser adxudicatario da bolsa debe acreditar que foi admitido para realizar un mestrado nunha universidade galega e achegar o xustificante de matrícula.

Que mestrados se poden realizar?

As bolsas son para realizar determinados mestrados das áreas de ciencias, ciencias da saúde, ciencias sociais e xurídicas, enxeñería e arquitectura nunha universidade galega (A Coruña, Santiago ou Vigo). O listado dos mestrados ofertados publicarase na resolución da convocatoria.




Cal é a duración do mestrado?

O mestrado pode ter as seguintes duracións:

- > Mestrados de 60 ou 72 créditos ECTS (un curso académico). Duración de 10 meses (de setembro a xuño) no curso 2018-2019.
- > Mestrado de 90 ou 100 créditos ECTS (un curso académico e medio). Duración de 10 meses (de setembro a xuño) no curso 2018-2019 e 5 meses (de setembro a xaneiro) no curso 2019-2020.

Cal é o importe da bolsa?

Dotación total da bolsa



Con esta cantidade o bolseiro debe afrontar: o pago de matrícula por servizos académicos e administrativos, a viaxe desde o seu país de residencia, o aloxamento e manutención en Galicia e a subscripción dun seguro médico se fora o caso.